ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE
NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 27 de agosto do 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*. (DOG do 4 de setembro de 2026), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DE FAMILIAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**[1]**,** dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2024, e o outro será proposto, de ser o caso, pola Anpa.

2.-Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, representantes ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do *día 22 de Outubro* está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do 2 *de Novembro*.

3.-Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, representantes ou titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitarán a Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 2 *de Novembro*.

4.-O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día *3 de Novembro, ás 9:00 horas*. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do Centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou representantes/titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.-A campaña electoral comprenderá dende o *3 de Novembro ate o 10 de Novembro*, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día *23 de Novembro*, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.-Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou representantes/titores legais de alumnos/as matriculados/as no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.-As votacións realizaranse neste Colexio Público o *día 24 de Novembro, de 16:00 a 19.00 horas***.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Boiro, 21 de Outubro de 2026

O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Firmado por ***6948** JOSÉ GUSTAVO ROMERO (R: ****5406*) el día 21/10/2026 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

Asdo.: J. Gustavo Romero García